



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E O CLÚSTER DA PIZARRA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN NO ÁMBITO DA SUSTENTABILIDADE DE ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS EN MATERIA DE RESTAURACIÓN DE ENTULLEIRAS ORIXINADAS POLA ACTIVIDADE MINEIRA DA LOUSA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou co Clúster da Pizarra de Galicia o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

regular a colaboración entre a VCEII e o Clúster para levar a cabo durante o ano 2022 determinadas actuacións piloto específicas en materia de sustentabilidade no ámbito da minería da lousa, concretamente a restauración de 16.500 m² de entulleiras de difícil accesibilidade, situadas na comarca de Valdeorras, mediante o emprego de técnicas de revexetación que permitan acceder a espazos inabordables para os medios e as técnicas convencionais., en concreto as actuacións obxecto do convenio son as que se describen a continuación:

1. Propulsión de substrato a largas distancias. Emprego de máquinas de propulsión utilizadas noutras actividades industriais e que serán adaptadas neste proxecto para este fin.
2. Revexetación mediante técnicas de traballos verticais. Revexetación manual con persoal especializado en traballos verticais.
3. Deseño e fabricación de tabletas para arosetamentos. Definición do contido de materia orgánica, abonos, cantidade e tipo de semente, así como o tamaño das pastillas que podan ser diseminadas cun dron adaptado.
4. Arosetamento mediante dron adaptado. Adaptación do dron cun depósito de sementes e un sistema alimentador incorporado para garantir a saída uniforme do material e o emprego da dose correcta.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en aras á consecución do obxecto referido.

Dirección Xeral De Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Edificio administrativo de San Caetano
Bloque 5 – Planta 4ª
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 881 995 324





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (actual Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, en diante VCEII) configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais. As competencias en materias de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

O CLÚSTER, constituído por corenta empresas que teñen a súa actividade relacionada coa lousa, ten entre os seus fins, o incremento do nivel de competitividade do sector da lousa, promovendo e impulsando a execución de proxectos concretos de carácter innovador e a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, servir de centro de documentación para todos os asociados e realizar os estudos, así como calquera outras competencias, facultades ou funcións que se consideren necesarias ou convenientes para o cumprimento dos seus fins.

As actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.^a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da VPCEII, no financiamento das ditas actuacións.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará ata un máximo de **SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €) con cargo a aplicación orzamentaria 06.02.734A-780.1** dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola





que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital
O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Pablo Fernández Vila

